

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A DIOCESE DE OURENSE E A DEPUTACIÓN DE OURENSE PARA CONTRIBUIR AO MANTEMENTO, CONSERVACIÓN, RESTAURACIÓN, DIFUSIÓN E DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL TITULARIDADE ECLESIAÍSTICA SITO NO ÁMBITO PROVINCIAL

En Ourense, no Pazo Episcopal, a 16 de xuño de dous mil vinte e cinco.

REUNIDOS

Dunha parte, [REDACTED], que actúa en representación da Diocese de Ourense, en virtude do seu cargo de Bispo, en exercicio das facultades que lle confire o parágrafo 1 do canon 381 e seguintes do Código de dereito canónico.

Doutra, [REDACTED], que actúa en representación da Deputación de Ourense, en virtude da súa condición de presidente, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Todas as partes teñen capacidade legal suficiente para outorgar o presente protocolo de colaboración e, para tal efecto,

MANIFESTAN

I.- Que a Deputación de Ourense e a Diocese de Ourense declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica na Provincia de Ourense, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, *“a Igrexa reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa”*; en facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que consonte ao artigo 36 da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local as Deputacións Provinciais teñen competencias propias para a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, a cal permiten á provincia, a través dos seus órganos de goberno e administración, promover e executar unha ampla gama de accións públicas. Nesta liña o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

Neste senso, a Deputación de Ourense dentro das suas competencias e da súa finalidade de prestar apoio económico e técnico aos concellos de tódolos municipios da Provincia, ven desenvolvendo dende fai anos diversas actuacións coa Diocese de Ourense, impulsadas dende Vicaría para o Patrimonio e o Sostemento da Igrexa, para contribuir ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica radicados na Provincia de Ourense en prol da protección e posta en valor deste eido do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais.

A maior abastanza, o vixente Plan Estartéxico de Subvencións da Deputación de Ourense (BOP núm. 89 de data 08.05.2024), dentro das súas liñas de actuación contempla o Programa de conservación e mantemento do Patrimonio relixioso e cultural da provincia de Ourense, ConservOU, que ten por obxecto a conservación e mantemento do extenso patrimonio cultural e relixioso existente na nosa provincia.

III- Que resultando de interese para ambas partes, consideran oportuno formalizar o presente protocolo co obxectivo de promover unha serie de actuacións destinadas á conservación e restauración dos bens mobles e inmoables de titularidade eclesiástica, seguindo as directrices da Lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia, a fin de lograr unha máis eficiente e mellor utilización de medios económicos e técnicos e contribuír ao fomento e ao coñecemento do patrimonio cultural permitindo o uso de ditos bens para fins culturais e de lecer, sempre que sexan compatibles e respectuosos coa natureza e finalidade relixiosa dos mesmos, e sen interferir nos seus horarios de culto.

E, na súa virtude, ambas Institucións subscriben o presente protocolo de actuación e formalízano con arranxo ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A finalidade que se persegue co presente protocolo é establecer un marco adecuado de cooperación que favoreza e axilice as accións de colaboración entre a Deputación de Ourense e a Diocese de Ourense dirixidas ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural de titularidade eclesiástica radicados na Provincia de Ourense.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES.

Para a consecución do obxecto do presente protocolo as partes asinantes os compromisos que a continuación se indican:

Pola Deputación de Ourense:

- a) Proporará á Comisión de seguimento as actuacións que considere necesario acometer nos bens diocesanos situados no ámbito provincial. A estes efectos a Deputación terá presentes as solicitudes e propostas que remitan os concellos da provincia.
- b) No prazo de vixencia do presente protocolo, a Deputación de Ourense comprométese a contribuír ao financiamento das actuacións destinadas ao mantemento, conservación e restauración de distintos bens, mobles e inmoables, de titularidade eclesiástica na provincia dentro dos límites das dispoñibilidades de crédito previstas na partida disposta a tal efecto nos seus orzamentos e do cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- c) Para isto a Deputación de Ourense procederá, si o pleno da corporación da a súa aprobación, á consignar nos seus orzamentos, e a tramitar o concesión dunha subvención nominativa para as actuacións que a Comisión de Seguimento decida executar nese ano.

Pola Diócese de Ourense:

- a) Proporá á Comisión de seguimento as actuacións que considere necesario acometer nos bens diocesanos situados no ámbito provincial.
- b) A Diócese de Ourense, na súa condición de propietario, será o promotor de ditas obras, e asumirá as obrigas derivadas desta condición.
- c) Obrígase a destinar as cantidades achegadas pola Deputación de Ourense exclusivamente para o financiamento das obras a realizar, a contratación dos técnicos, elaboración da documentación técnica necesaria e pago dos impostos e taxas correspondentes.
- d) Participar no financiamento das actuacións obxecto do presente protocolo seleccionadas pola Comisión de Seguimento.
- e) Ceder gratuitamente, durante os vindeiros 25 anos dende a data de remate da actuación en cada ben, o uso de espazos neses bens obxecto de intervención que sexan necesarios para realización de actividades de índole cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de titularidade da Diocese de Ourense promovidas pola Deputación. Ditos espazos se cederán sempre e cando non interfiran con actividades relixiosas, e só para actividades culturais e participativas respetuosas coa fe e a moral católicas, debendo proceder previamente á súa solicitude e aprobación segundo a normativa diocesana vixente ao respecto.

TERCEIRA.- COMISION DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste protocolo e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

1. Estudar e valorar as propostas de actuación remitidas polas partes, seleccionando aquelas actuacións que se executarán en cada anualidade no ámbito deste protocolo, de xeito que:
 - A selección das actuacións obxecto do presente protocolo axustarase a un criterio de prioridades no que haberán de primar as obras necesarias de conservación construtiva dos inmobles sobre o resto das intervencións.
 - Será requisito imprescindible para a súa selección, que a parroquia no que se ubica dito inmovble esté ao corrente do cumprimento de tódalas obrigas esixidas pola Administración Diocesana.
2. Resolver as dúbidas de interpretación que poidan derivarse das cláusulas deste protocolo para o bo desenvolvemento do mesmo.
3. Efectuar o seguimento dos procedementos administrativos tramitados en desenvolvemento deste protocolo.

A Comisión de Seguimento reunirase cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia, ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede do Bispado de Ourense ou na sede da Deputación de Ourense. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable de

entre os membros e ao seu secretario, quen levantará acta das súas reunións e, só no caso de non ser un dos membros da Comisión, asistirá as reunións con voz e sen voto.

CUARTA.- VIXENCIA DO PROTOCOLO

O presente PROTOCOLO de colaboración terá un prazo de vixencia de catro anos dende a data da súa sinatura.

QUINTA.- RESOLUCIÓN

O Protocolo poderá resolverse en virtude das seguintes causas:

1. Pola finalización do período estipulado para a súa vixencia.
2. Por mutuo acordo das partes
3. Polo incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
4. Por renuncia dalgunha das partes, que deberá ser comunicada por escrito cun preaviso mínimo de tres meses. Neste caso, as obras que estexan nese intre aprobadas pola Comisión de Seguimento deberán finalizarse e financiarse segundo o establecido neste protocolo.


No suposto de extinción do protocolo, as accións específicas concertadas ao abeiro do mesmo seguiranse desenvolvendo na forma, condicións e prazos previstos ata o seu total cumprimento.


SEXTA. - XURISDICCION COMPETENTE

O presente Protocolo ten natureza administrativa, quedando suxeito ás estipulacións contidas nel. Configúrase como un protocolo de colaboración dos previstos no artigo 47 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público. Para resolver as dúbidas e incidencias que puideran xurdir na aplicación e execución do presente protocolo será de aplicación, si procedese, a citada Lei 40/2015, sendo de aplicación supletoria os principios inspiradores da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa aplicable.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para coñecer de todas aquelas cuestión litixiosas que poidan xurdir do mesmo.

e cos termos do presente protocolo, as partes
ano por duplicado en Ourense, a 16 de xuño do ano

Asdo. 
(Presidente da Deputación de Ourense)

Asdo. 
(Bispo da Diocese de Ourense)